

## **Pedro Anes Solaz**

Rubrica

E nom est a de Nogueira  
a freira que quero bem,  
mais é x'outra mais fremosa  
a que mi em poder tem.  
E moiro-m'eu pola freira  
mais nom pola de Nogueira.

[E] nom est a de Nogueira  
a freira ond'eu hei amor,  
mais é x'outra mais fremosa  
a que mi quer'eu melhor.  
E moiro-m'eu pola freira  
mais nom pola de Nogueira.

E se m'eu aquela freira  
um dia veer podesse  
nom há [i] coita no mundo  
nem pesar que eu houvesse.  
E moiro-m'eu pola freira  
mais nom pola de Nogueira.

E se [m']eu aquela freira  
veer podesse um dia  
nẽũa coita no mundo  
nem pesar nom haveria.  
E mouro-m'eu pola freira  
mais nom pola de Nogueira.